



Asunto: REMISIÓN ACTA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE DIRECCIÓN	Destinatario: SR. DON: JAVIER MACHO EIRAS.- IES. "MONTE NEME"
Referencia: Servizo de Inspección Educativa (EPS/FTG)	R/ FONTE CALDEIRA S/Nº 15.100.- CARBALLO (A CORUÑA)
Data: A Coruña 20 de xuño de 2008.-	

25 JUN 2008

DEPARTAMENTO DE SAÍDA
113199

Achégolle, para o seu coñecemento e efectos oportunos, a resolución da Comisión de Selección de Director dese centro, referida ás reclamacións presentadas por vostede relativas á selección de Director.



PRESIDENTE DA COMISIÓN

Asdo.: EMILIO PÉREZ SÁNCHEZ



A Comisión de Selección do director do I.E.S. "Monte Neme" de Carballo, constituída ó amparo da Orde do 4 de febreiro de 2008 (DOG do 13), reúnese o día 6 de xuño de 2008, co obxecto de estudar e respostar ós escritos elevados a esta Comisión polo profesor e candidato á dirección do I.E.S., Don Javier Macho Eiras, en relación coa proposta da directora seleccionada, Dona María Jesús Gómez Hermida.

Unha vez analizados os escritos do Sr. Macho Eiras, a Comisión de Selección informa nos seguintes termos:

- 1) No escrito de 19 de marzo de 2008, o Sr. Macho Eiras estima que o proxecto de Dona María Jesús Gómez Hermida, por carecer:

- de plan de avaliación do proxecto
- de liñas de actuación
- de referencia entre os seus obxectivos xerais e liñas prioritarias de actuación ás previstas nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes,

non cumpre os requisitos establecidos para ser candidata á dirección.

O seu razoamento baséase nas esixencias que o Decreto 29/2007, de 8 de marzo, polo que se regula o nomeamento e cesamento da dirección dos centros docentes públicos, establece respecto ó proxecto de dirección.

- 2) No escrito de 27 de maio, o profesor ~~Sr. Macho Eiras~~ insiste no razoamento anterior, nas carencias de certos aspectos no proxecto de dirección da profesora Sra. Gómez Hermida, (mentres no proxecto del si aparecen) e engade ademáis que no proxecto da Sra. Gómez Hermida

- non constan "estrictamente falando" liñas de actuación
- que hai fallos de presentación do proxecto (fallos de ortografía, de acentuación, ou sintácticos)
- que inclúe unha serie de apartados, non incluídos na convocatoria

Conclúe solicitando unha puntuación inferior a 6 puntos ó proxecto de Dona María Jesús Gómez Hermida e unha puntuación superior a 6 puntos ó proxecto do reclamante, Don Javier Macho Eiras.



3) A Comisión de Selección na súa reunión do 15 de maio de 2008, ó analizar o proxecto de dirección da Sra. Gómez Hermida, observou que non se facía mención á avaliación do mesmo nin se facía referencia ós artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, (relativos ó currículo regulador do sistema educativo e a erradicación de prexuízos nos centros docentes).

Certo é; mais tamén é certo a **observancia inequívoca por parte do equipo directivo** que preside a Sra. Gómez Hermida, a actual directora, **de todas e cada unha das medidas que conforman os diversos parágrafos dos dous artigos citados.**

Hai unha omisión no proxecto escrito pero hai un absoluto cumprimento na práctica diaria levada a cabo polo actual equipo directivo (na actualidade conformado por tres mulleres) ó longo de seis anos de exercicio de dirección, cumprimento absoluto, repetimos, da normativa establecida na citada lei.

Tanto a omisión referida como o cumprimento práctico pesou no ánimo e nas decisións dos membros da Comisión de Selección.

4) Certo é tamén que no proxecto de dirección da Sra. Gómez Hermida non se inclúe unha parte adicada á avaliación do mesmo. Pero tamén é certo que nas páxinas adicadas ó "Desenvolvemento das cuestións prioritarias" no capítulo rexistrado baixo a denominación de "Accións organizativas", alúdese repetidamente á presentación ante os órganos colexiados de resultados e á avaliación dos mesmos por estes órganos.

Esta omisión (a avaliación explícita do proxecto) tivo o seu peso na decisión de cada un dos membros da Comisión de Selección.

5) En contra da opinión do Sr. Macho Eiras (pax. 2, 3 e 4 do escrito do 27 de maio), a Comisión de Selección estima que no proxecto da Sra. Gómez Hermida, existen unhas liñas de actuación e uns obxectivos xerais (pax. 1)

6) En canto ó apartado referido á presentación de proxecto (pax. 5, 6, 7 e 8 do escrito do Sr. Macho Eiras), no que critica a existencia de faltas de ortografía, de acentuación ou castelanismos no proxecto da Sra. Gómez Hermida, a Comisión de Selección, sen tratar de minusvalorar a importancia da presentación do mesmo, estimou valorar a organización e a estrutura do proxecto.

7) Critica o Sr. Macho Eiras que o proxecto de dirección da Sra. Gómez Hermida "**contén unha serie de apartados que a convocatoria non exixen**" (pax. 8) (Por certo, un erro sintáctico como algún outro que sinala o Sr. Macho Eiras no apartado "Presentación do proxecto"- hai outros máis no propio escrito do Sr. Macho)

A Comisión estima que a normativa referida ó proxecto de dirección non limita o número de apartados que se poidan tratar nel.



8) O proxecto de dirección do Sr. Macho Eiras, que na consideración do seu autor debe ter unha puntuación superior a 6 puntos, foi analizado de novo por esta comisión que reconece, ó igual que o propio autor, "que este proxecto non está todo o elaborado como sería o meu desexo" e estima que abunda en xeneralizacións e consideracións de carácter xeral, en transcribir, sen a consecuente análise, textos legais, que se perde en cuestións diminutas e que, sobre todo, revela un descoñecemento do centro e non aplica medidas organizativas.

Conclusión

Á vista do exposto, esta Comisión de Selección acorda manter as puntuacións outorgadas na sesión do día 15 de maio de 2008 ós proxectos de dirección de Dona María Jesús Gómez Hermida (7 puntos) e de Don Javier Macho Eiras (2,5 puntos).

Carballo a 6 de xuño de 2008

O Presidente



Asdo.: Emilio Pérez Sánchez

A Secretaria



Asdo.: Ana Isabel Montes Vázquez

Os/as vogais




Asdo.: Laura Díaz Bocelo



Asdo.: Encarna Herranz González-Botas



Asdo.: Pilar Serrano Cela



Asdo.: Dolores Suárez Mancebo



Asdo.: Manuel Naya Mata